

A NOSA BISBARRA



VERÁN 2007

Donativo 6€

Nº 17



Obra de Piquico: "A MULA" figura única que sae no antroido vianés

VIANA

CULTURA - OPINIÓN - ACTUALIDADE

VIVIR EN QUINTELA QUE BONITO É

Quintela do Pando está situada nas terras ourensanas de Viana do Bolo. Está no cumio dunha ladeira; desde onde se olla as paisaxes más bonitas do concello vianés.

A primeira impresión que produce Quintela ó mirala dende Viana é a dunha aldea con múltiples acantilados, impresión que cambia ó chegar as chairas do Santo.

As súas casas con grandes ventanales, e escaleiras de pedra, onde predominan os tellados de tella do país, áinda que agora ponse bastante lousa.

Consta de trinta habitantes durante o ano, a maioría xubilados, áinda que no verán énchese a aldea de xente.

Temos un forno no medio da aldea que ten moitos usos, un deles facer o pan, faciase aguardente, e tamén o magosto e por suposto é onde se cocen os chourizos, nos reises, o cinco de xaneiro.

Hai unha fragua o pé da fonte de Barrio, que agardamos poder restaurala en breve, pois sería unha pena deixala perder.


Temos moitísimos sitios e malladas con vistas fermosas, coma do Santo Mocardo, O Corredor dos Santinos, A Ferradura de Santiago, A Fraga dos Bailes, A Fraga dos Lobos, A Mallada da Idreira, O Quenllo do Xico, O Quenllo Oscuro, etc.

Quintela ten a peculiaridade que está ubicada no medio de dous encoros, o Bibei e o Camba, xuntándose os dous na presa do Bao e deixan a Quintela nunha fermoíssima península.

Tamén temos a igrexa de estilo románico, pero restaurada por dentro bastante moderna: pena dos fermoíssimos retablos que se estroppearon.

Na casa do señor Lisardo hai un museo; o museo da Nieves; que consta de 600 figuras de madeira, feitas cunha navalla "cando estou coas ovellas".

Temos bosques fermoíssimos, a Poula, o Piorno, a Maia e o que máis me gusta a min a Bouza do Bugallo, típico bosque multicolor poboado pola espesura de xigantescos reboles, castiñeiro, escambrois, piñeiro e os que máis predominan son abelairas silvestres. Ao fondo discorre grandioso e sere o embalse Bibei, percorrendo esas paisaxes que emocionarían a



Preciosa aldea, de Quintela do Pando!

ovellas e tamén nos invita a perderse entre árbores dunha monumental envergadura.

Quintela... Terra de grandes persoaxes; como o Señor Albino, o Alberto, gaiteiros, o Raimundo, que foi torero, o Padre Cándido que foi e é misionero, o Martín, capitán de policía, e moitísimos outros que non cito porque enchería un libro.

Sempre houbo moi bos pedameos; pero agora temos un que non hai diñeiro co queague: "O Miguel". Logrou que viñera a auga para toda a aldea, xuntou a toda a aldea para ampliar a calle e tamén o camiño do Santo; quitando unha parede e facendo outra máis grande.

Logrou o patrocinio do concello de Viana para ampliar o Teleclub; local que uns trinta anos antes tamén o seu pai sendo pedameo conseguía facelo co patrocinio da extensión agraria. A man de obra puxeron os veciños, antes e agora.

En resumo: que Quintela do Pando é un espazo que resplandece, e que encerra un secreto de recursos e valores incalculables con fermoíssimas paisaxes, boas xentes e con dúas importantes explotacións gandeiras: unha de vacún; con algún exemplar de "Vianesa" e outra de ovino con trescentas ovellas das cales cen son galegas en perigo de extinción.

Temos castiñeiro milenarios, o máis destacado o Castiñeiro da Entrada, tamén concheiras seguramente milenarias e moitísimas outras especies de árbores autóctonas.

Eu síntome moi afortunada de vivir aquí.

NIEVES FERNÁNDEZ



Neves "no seu taller" artista de Quintela do Pando
boa súa "navalliña", único utensilio
usado para os seus traballos



Mª das Neves artista de Quintela do Pando ama o monte,
as prantais, as árbores... A natureza, un vello castaño,
dos moitos que hai en Quintela do Pando

Quintela do Pando... tan preto do ceu... das estrelas, do sol,
que iluminan os seus veciños... e saennos... ¡ARTISTAS!!



É QUINTELA

M^a Nieves Fernández Vidueira

*Un conxunto de veciños
unha aldea ben fermosa
-É Quintela-*

*Unhas árbores floridas
cos veciños más unidos
-É Quintela-*

*Esas leiras de centeo
que se asemellan ó mar
-É Quintela-*

*Os prados das lamas
e os da fonte da pedra
-É Quintela-*

*As viñas do Bugallo
e más as de Paradela
-É Quintela-*

*Aquel rebaño de ovellas
pastando detrás do monte
-É Quintela-*

*No sestil durmen ovellas
e a parediña as abellas
-É Quintela-*

*No campo dos Catro Ventos
xogan ó fútbol os nenos
-É Quintela-*

*Árbores moi ben coidados
e leiras moi ben aradas
-É Quintela-*

*Vacas arando xunxidas
a cuarta con Tamoncela
-É Quintela-*

*Cerdeiras de boas cereixas
e ameixeiras con ameixas
-É Quintela-*

*Unha paisaxe fermosa
unha aldea cariñosa
-É Quintela-*

*No cumio dunha lareira
E con lume na lareira
-É Quintela-*

*A matanza e o magosto
e os turistas en agosto
-É Quintela-*



Vista panorámica dende Quintela, e un bonito primeiro plano ¿Coñécenas?

*Todo ó redor nublado
e no medio soleado
-É Quintela-*

*Seitureiras cantadoras
e mulleres fiadoras
-É Quintela-*

*As patacas de secano
as mellores do condado
-É Quintela-*

*Pradeiras con margaritas
e galiñeiros con pitas
-É Quintela-*

*O corredor dos santiños
que nel bailan os meñinos
-É Quintela-*

*A fraga do Santo Mocardo
que só se chega a ela andando
-É Quintela-*

*O teleclub e o forno
a igrexa, a fragua e o piorno
-É Quintela-*

*A banda do aviador
que non houbo outra mellor
-É Quintela-*

*Poesía, música e baile
díaño, Deus e fraile
-É Quintela-*

*Cabalos, vacas e ovellas
e burros con boas orellas
-É Quintela-*

*Penedos, fontes e touzas
tamén o pico das Bouzas
-É Quintela-*

*Noites claras e estreladas
e festas moi desexadas
-É Quintela-*

*Árbores novas e vellas
e arados con boas rellas
-É Quintela-*

*O pazo dos marqueses Velo
máis fermoso ca un castelo
-É Quintela-*

*Nais con nenos nos colos
tamén o xogo dos bolos
-É Quintela-*

*Ollamos un palomar
e as pombas a cantar
-É Quintela-*

*Na cuaresma o calvario
e nas festas novenario
-É Quintela-*

*Decrua, bima e sementeira
seitura e malla na leira
-É Quintela-*

**Sr. Albino, na lembranza, aviador, soñador, músico,
aviador de soños, sempre na memoria,
os teus alumnos grupo “O Piorno”**